Igrexa de Santa María de Gonzar

Lugar: A Igrexa | **Parroquia:** Gonzar | **Coordenadas:** 42º57'12.7"N 008º18'20.0"W.

Accesos: Pola N-634 dirección Curtis, cóllese un desvío á man dereita que leva ata Gonzar. Acceso por pista asfaltada.
Clasificación: Igrexa parroquial
Estilo: Barroco
Época: Século XVIII
Contorna: Rural
Uso: Relixioso
Material orixinal: Pedra
Grao de protección: Catálogo Normas Subsidiarias Provinciais
Valoración do recurso: Atractivo local
Grao de utilización: Uso relixioso semanal por parte dos veciños do concello.
Sinalización: Si

Material Estado de conservación
Xeral: BO
Fábrica: Pedra BO
Carpintería: NON PROCEDE
Revocos: BO
Aleiros: BO
Cerraxería: BO
Cuberta: BO
Outros: NON PROCEDE
Estrutura: BO
Interior: BO

Igrexa de estilo barroco. Planta de cruz latina, con cruceiro e presbiterio destacados na planta e mais no alzado. Fachada con torre campanario sobor base de granito moi voada con balcón de ferro forxado. Corpo de campás esvelto, con entablamento marcado e templete octogonal con oito vans e cupulín peraltado. Interior con entablamento continuo, bóvedas de canón e cruceiro con piares e bóveda de arestas. Presbiterio con bóveda de arestas.